



BiP DESTRUCCIÓN

UNIDADE DIDÁCTICA PREVIA E POSFUNCIÓN
POR DISIDEN.CIA

ÍNDICE

SOBRE O ESPECTÁCULO

Sinopse
Vídeos e fotografías

3

PROPOSTA DIDÁCTICA

Introducción da proposta
Obxectivos
Metodoloxía

7

ACTIVIDADES

Índice de actividades
Antes da función
A función, que saber antes de ir ao teatro
Despois da función

9


QUEN É A COMPAÑÍA?

Traxectoria de Disiden.Cía
Ficha artística

1

CONTACTO

15



SOBRE O ESPECTÁCULO

SINOPSE


Dous seres abúrrense de andar sobre os seus dous pés. Coma se chegasen doutro universo, xogan a buscar cal é a súa verdadeira forma de moverse polo planeta Terra. A única maneira de seguir camiñando neste lugar extraño será apoiándonos, máis aló dos nosos dous pés, sobre as nosas amizades, construíndo comunidade.

Bipedestrución, un espectáculo de danza contemporánea con conciencia LGTBIQA+. Un continuo xogo con beliscos de humor en procura do quen son? que quero ser?


Duración: 60 minutos

Formato: teatro ou sala


Idade recomendada: +5 anos



ESTRENO BIPEDESTRUCCIÓN | DISIDEN.CÍA





TEASER (PROVISIONAL) BIPEDESTRUCCIÓN | DISIDEN.CÍA




Vídeos por Iker Oiz.

*Os seguintes fragmentos están en castelán debido a que foi representada noutra comunidade autónoma. A compañía é metade galega metade navarra.

No caso de Galicia, pódese facer en galego hibridando co éuskaro a modo aprendizaxe de idiomas.





PROPOSTA DIDÁCTICA

INTRODUCCIÓN

Para acompañar o espectáculo, **Disiden.cia** presenta unha mediación de públicos que tivo ata o momento unha gran acollida.

Son unha serie de actividades para colexios e institutos de cara xerar novos públicos nos teatros. Tal é así, que en Etxarri Aranatz as 16 persoas do alumnado que fixeron o obradoiro asistiron ao teatro sen pais nin nais fóra do horario escolar.

Esta mediación tamén se realizou na **Fontana**, un centro de acollida e refuxio internacional en León onde Martín e Marcia impartiron durante unha semana a crianzas e adolescentes de distintos países e culturas.

Esta mediación é **unha actividade que achega ás persoas menores de idade á diversidade do colectivo LGBTIQ+** a través do xogo e a curiosidade.

Destacar a importancia da cultura como xerador de referentes e novos puntos de vista das experiencias humanas. Na cultura actual, as referencias que temos do colectivo LGTBIQA+ son moi reducidas e, normalmente de carácter televisivo en formato de entretemento.

Bipedestrución pretende **achegar as confusións, dúbidas, en canto a identidade se refire.** É a través da danza que son palpables os estereotipos de xénero, o conflito corporal, a **disforia e a dismorfia.**

Conscientes de que os espectáculos de danza achegan un apartado máis emocional, máis intuitivo, é esencial a mediación de públicos para a reflexión racional.

Toda **esta mediación foi traballada en tres residencias de investigación** en Amiadoso, Las Palmas e Etxarri Aranatz. A **mediación en sí, é case outro espectáculo que, neste caso, en diálogo co profesorado adaptárase ás necesidades de cada aula e grupo**, escoitando as necesidades específicas que poidan xurdir.

Tras **un testeo con diferentes cursos e idades, en diferentes idiomas, espazos e formatos, cremos dar cunha metodoloxía de traballo adecuada para idades entre os 12 e os 17 anos.**

Hai actividades para traballar na aula antes e despois da función, e algunhas actividades a maiores que se poderían incluír en caso de que a compañía puidese visitar o centro.



Público:

Persoas dende os 12 ata os 18 anos.

Mediación adaptada según o curso.

*Obradoiro dentro do programa Desfoga en Cambados

OBXECTIVOS

1. **Achegar a danza contemporánea e os espazos escénicos á rapazada.**
2. **Reflexionar sobre os prexuízos estéticos e discriminación por xénero na sociedade.**
3. **Construir públicos con actitude crítica nos espazos escénicos.**
4. **Estimular a creatividade físico corporal e plástica experimentando a través do xogo.**
5. **Fomentar o diálogo e relación en grupo a través de actividades que implican a confianza, a empatía, a escoita.**
6. **Educar na diversidade identitaria e familiarizar ao alumnado do vocabulario existente dentro do colectivo LGTBIQA+.**
7. **Favorecer o desenvolvemento da autoimaxe e a autoestima.**
8. **Explorar o concepto e límites da construción dunha identidade e traballalo dende a dúbida.**

METODOLOXÍA

A unidade didáctica organízase en varios apartados con distintas actividades, sempre intentando que as palabras “xogo” e “diálogo-escoita” sexan o foco das sesións.


Fase previa: Sentímonos parte dun grupo, formar colectivo.

- Contextualización do espectáculo que imos ver.
- A idea dun espazo seguro, é posible? Como?
- Actividades de confianza, empatía, escoita en grupo.
- Relación co vocabulario LGTBIQA+.

Visualización de *Bipedestrución*. Como ser público de danza? Que ter en conta durante o espectáculo?

Fase posterior: A identidade.

- Fomentar a creatividade e a fantasía en xerar unhe personaxe. Unha Quimera.
- Descubrimento do noso corpo e as súas capacidades expresivas. O humor como espazo seguro á vulnerabilidade.
- Sentirse un alien no planeta Terra, como se convive con iso?



*Obradoiro cun IES en Las Palmas de Gran Canaria, dentro do programa de MASDANZA.

ACTIVIDADES

FASE PREVIA: SENTÍRMONOS PARTE DUN GRUPO, FORMAR COLECTIVO.

1. Contextualización

Primeiro, o profesorado achegará ao alumnado certas preguntas que axuden a por en contexto o espectáculo e a despertar a curiosidade da rapazada.

- **De onde cres que vén o título *Bipedestrución*?**

Unimos as palabras Bipedia + destrución, como unha maneira de cuestionarnos unha das características que nos definen: camiñar sobre dous pés. Deixamos que o alumnado imaxine as posibilidades do por que.

- **Sabemos o que é a danza contemporánea? Mirámola anteriormente? Que ideas temos sobre a mesma?**

- **Que diferenzas pode haber entre o teatro e a danza?**

Algo no que nos gusta incidir neste apartado é na non necesidade de entendela todo. No caso do teatro, onde hai máis palabra, as historias son máis narrativas. A danza apela máis ás emocións dende o movemento, o corpo. Igual que a música, ou a pintura, hai disciplinas que non precisan unha comprensión completa e narrativa da mesma.

- **Analicemos canto imos ao teatro na aula. Cando foi a última vez que viches unha función? Foi fóra do horario escolar? Por que cres que a adolescencia é o rango de idade que menos se asiste ao teatro?** Reflexionar sobre a falta de cultura adaptada a menores.

- **Sabes o que é o colectivo LGTBQA+? Consumes cultura onde aparezan representades diferentes persoas do colectivo?** Nese caso, por exemplos.

Analizamos tamén se dentro desta representación hai unha maior presenza duns que de doutres. Se observamos persoas trans, e nese caso que roles teñen (tende a ser o Drag Queen o primeiro que aparece, pero pódese facer cultura máis aló?). Cales son os estereotipos que vemos en parellas homosexuais na cultura? Xerar debate.

- **Os pronomes.**

Sabes que hai persoas que non se identifican cos pronomes asignados ao nacer? Ademais, agora tamén se usa o pronome neutro. En galego poder ser “elu” ou “eli”. En castelán sería “elle”. En inglés sería “they” co verbo en singular. Algunha vez preguntaches os pronomes ao resto de compañeiros? Hoxe é un bo día para facer unha rolda de pronomes! Podemos probar a construír algunhas frases en neutro, para practicar o seu uso no cotián.

2. A idea dun espazo seguro

En **grupos de 4 persoas** facemos reflexión sobre que sería un espazo seguro para nós. Podemos buscar en internet a súa definición, pero máis aló diso, **pactamos en grupo 10 normas básicas para xerar un lugar onde comunicarnos dende o respecto, a tolerancia, o coidado e a escoita de todo o mundo.**

Despois, poñemos en común entre os grupos.

Esta aula pretende converterse nun espazo seguro para tódalas persoas.

Normas para coidarnos máis (exemplos):

- Non xulgar as formas de vestir e expresarse de cada persoa.
- Preguntar polos pronomes cos que se identifica unha persoa.
- Preguntar cales son as necesidades de cada persoa (hai xente que non quere que lle toquen, ou hai xente que lle custa falar en alto... como facilitamos a estas persoas a súa participación na aula?)



3. A empatía e a confianza constrúense

Algunhas actividades físicas para fomentar a confianza, empatía e escoita no grupo, na que o profesorado fará de guía, pero pode participar tamén. Aconsellamos o uso de música.

Lazarille coidadose: Divídeos por parellas, unha persoa pecha os ollos e a outra colle a súa man, ca outra man tócalle as costas (isto da seguridade). A persoa cos ollos pechados camiña tratando de descubrir o espazo, compañeiros, as texturas, a distancia dos sons... a persoa cos ollos abertos acompáñalle e coida de que non se faga dano. Cambiar de rol.

Un organismo en comun: Todo o grupo formaremos un mesmo equipo, tratando de actuar como un mesmo organismo. Comezaremos camiñando e a única pauta para empezar será que cando alguén pare todes deberemos parar á vez. Buscarase que transcurra o menor tempo posible desde que a primeira persoa propón a parada ata que todo o grupo pare. A esta aparentemente sinxela tarefa iremos engadindo capas por exemplo correr, agacharse, e tumbarse. Pódese xogar cos ritmos. Todo o mundo lidera e todo o mundo segue. Abrimos a escoita e a mirada a fóra.



Anoades e entrelazades: Comezaremos facendo un círculo e colléndonos as mans. Pasamos entre os ocos que vemos entre es compañeiros, por debaixo dos seus brazos, ata acabar facendo un gran nó. Intentamos non soltarnos, se non voltaremos a comezar. Unha vez chegamos a anoarnos o máis posible pasaremos a desfacer o nó tratando de non soltarnos. Nunha segunda fase, intentamos realizalo sen falar, só observando e escoitando. Mínimo en grupos 7, máximo grupos de 25.


Desfile de monstros: Propoñeremos maneiras de camiñar coas que desprazarnos dun lado da sala ao outro por filas de catro. As maneiras de camiñar deberán tratar de explorar formas animais e deformacións estruturais de maneira que rompamos a verticalidade. Como é unha maneira de camiñar feminina? e unha masculina? Unha vez entrásemos en calor propoñeremos as seguintes premisas para que cada unha faga a súa propia interpretación á hora de desprazarse.

- **As miñas escápulas están namoradas.**
- **Os meus xeonllos están enfadados.**
- **Pés tristes.**
- **Cadeira ríndose a gargalladas.**
- **Mans sorprendidas.**
- **Teño cóxegas nos ósos**
- **Peito deprimido**
- **Cabeza preguiceira**



4. Glosario LGTBIQA+

Propoñemos repartir unha ficha con distinto vocabulario en relación ao colectivo LGTBIQA+. En grupos de 3, intentamos comprender a definición de cada palabra e escribila na ficha. Valoramos ao final entre todes que significa cada palabra e cales non chegamos a comprender ben. Se xorden novas palabras, adiante con aumentar o glosario!!



- Identidade de xénero.....
- Sexo asignado.....
- Cisxénero.....
- Transxénero.....
- Non binarie.....
- Xénero fluído.....
- Intersexual.....
- *Queer*.....
- Orientación sexual.....
- Homosexual.....
- Heterosexual.....
- Bisexual.....
- Pansexual.....
- Asexual.....
- Demisexual.....
- Arromántique.....
- Expresión de xénero.....
- Pluma.....
- Travesti.....
- Drag Queen/King.....
- Androxinia.....
- Binarismo de xénero.....
- Disforia.....
- Dismorfia.....
- Heteronormatividade.....
- Homofobia / bifobia.....
- Serofobia.....
- Transfobia
- Interseccionalidade.....
- Aliade.....
- Muller.....
- Home.....
- Vulnerabilidade.....
- Patoloxizar.....
- Saír do armario.....
- Heteronormatividade.....

VISUALIZACIÓN DO ESPECTÁCULO “BIPEDESTRUCIÓN”

De cara a saída ao teatro, o profesorado lerá a sinopse do mesmo para contextualizar ao alumnado:

Dous seres abúrronse de andar sobre os seus dous pés. Coma se chegasen doutro universo, xogan a buscar cal é a súa verdadeira forma de moverse polo planeta Terra. A única maneira de seguir camiñando neste lugar extraño será apoiándonos, máis aló dos nosos dous pés, sobre as nosas amizades, construíndo comunidade.

Bipedestrución, un espectáculo de danza contemporánea con conciencia LGTBQA+. Un continuo xogo con beliscos de humor en procura do quen son? Que quero ser?




De cara a súa entrada, dialogamos sobre “os espazos seguros” da actividade anterior e como logralo no teatro. Destacar que no teatro pódese rir, chorar, comentar. Neste caso, pódense sacar fotos e vídeos, inda que non tende a ser o habitual.

Algunhas preguntas nas que pensar durante o espectáculo. Formulalas antes da súa entrada ou repartindo un papel coas mesmas, de cara a fomentar a concentración na obra.

- Observas os estereotipos de xénero nalgún momento da obra?
- Que detalles atopas na música e sons da peza?
- Que vínculo cres que teñen estes dous seres?
- Como describirías os movementos?
- Sabes o que é unha quimera? Cales lembranzas do espectáculo?
- Que cres que as artistas intentaron acadar con ese vestiario?
- Que che fixo sentir o final? Que conclúes da obra tendo en conta a túa emoción?

Unha vez rematada a representación, procederemos a dialogar coas artistas onde poderemos reflexionar en conxunto sobre o que sucedeu, as preguntas plantexadas e todas aquelas que poidan xurdir no momento.



FASE POSTERIOR: A IDENTIDADE

1. Asemblea reflexiva

O alumnado trae nun papel as conclusións sobre *Bipedestrución* en base as preguntas plantexadas. Dispoñémonos en círculo e lembramos o espazo seguro. Intentamos que antes de falar do que entendimos, primeiro digamos o que sentimos. Están ben os sentimentos como a incomodidade, ou a frustración, a tristeza... Todo é válido. Os gustos tamén o son. Unha vez feita unha rolda, plantexámonos desgranar a dramaturxia do espectáculo en base as preguntas tamén plantexadas.

2. A miña propia Quimera

No espectáculo conclúese en que estes seres poden ser o que desexen. Para iso plantexan en transformarse en múltiples quimeras. Falamos da súa definición na aula e pensamos que seres híbridos coñecemos na mitoloxía, nos cómics, no cine, na literatura...

Unha vez realizado isto, imos construír a nosa propia Quimera. Para iso, enchemos unha ficha onde contextualizamos a nosa quimera:

Nome da Quimera:.....	
<ul style="list-style-type: none">• Superpoder físico:• Súperpoder mental:• Súperpoder social:	
Características	
Describe a súa cabeza: tamaño, ollos, nariz/fuciño/pico... E todo o que se te ocorra	
Describe o seu corpo. Ten patas? Pernas? Cantas? Pelaxe? Plumas? Escamas? Cola? Descríbeo o máximo posible	
Describe a súa expresión: leva roupa? Complementos? Maquillaxe?	
Onde viviría?	
Como se relacionaría co resto de quimeras?	
Cal sería a súa misión no planeta Terra?	



Unha vez realizada esta parte de construción de personaxe, imos á parte máis plástica. Intentamos plasmar e ilustrar a Quimera que xeramos.



Pódese facer co debuxo, aproveitando que hai unha asignatura adicada ao mesmo.

Nós tamén propoñemos o *collage*. Con varios recortes de revistas e periódicos reciclados podemos misturar un montón de elementos.

Analizamos os roles de xénero nestes formatos impresos, como as revistas. Que observamos? Recortamos, deconstruímos, transformamos e pegamos. Xeramos o noso propio monstro híbrido.

Compartimos o resultado á clase, presentando a Quimera ao resto e tódalas súas características, onde viviría, cal é a súa misión... **Deixamos algúns exemplos:**





3. As capacidades expresivas do noso corpo.

(no caso de a Compañía poder estar no centro)

Pelexa de acenos: Situades en círculo, unha persoa propoñerá un xesto xunto cun son á persoa que teña á súa esquerda. Esta trata de reproducir o mesmo xesto e son á seguinte persoa o máis fiel posíbel ao xesto e son iniciais, como no teléfono estragado. O xesto e sons deberán dar a volta enteira ao círculo integrando cada pequeno cambio que se xere. No caso de querer propoñer outro xesto e son deberán cambiar de sentido. Unha vez alcanzada certa dinámica e velocidade poderán xogar a modificar o ton e a intensidade tanto do xesto como do son. O obxectivo: rirnos de nós mesmos e en grupo! Fomentar a distensión e poñernos no mesmo nivel de vulnerabilidade.

4. A nosa Quimera en movemento

(no caso de a Compañía poder estar no centro)

Encarnar a nosa quimera: Trataremos de construír unha maneira de camiñar para a nosa quimera, primeiro analizaremos parte a parte, disociando o noso corpo. Despois analizaremos as súas características de movemento: é rápida?, salta?, como activaría o seu superpoder? Aos poucos iremos integrándoa nos nosos corpos, tratando de desprazarnos sendo o máis fieis ás características que escribimos antes. Desta maneira trataremos de relacionarnos co resto do grupo xerando un espazo libre para ser Quimera, para ser quen queiramos ser.



5. Sentirse un alien neste planeta. Conclusións finais

Unha vez déramos vida ás nosas Quimeras, analizada e atravesada esa metamorfose falaremos de como nos sentimos coa práctica. Canto de nós hai nas nosas quimeras? Axúdanos mostrarnos vulnerabéis? a desinhibirnos?

Canto de alien, monstro, quimera nos sentimos no noso día a día? Sera que en verdade todo o mundo é un pouco alleo ao ser humano?

Como podemos axudar a unha persoa en situación de exclusión dun grupo? A unhe amigue trans que está comezando a transición? A acompañar unha saída do armario? A fomentar falar do que nos preocupa?

GALERÍA E RESPOSTA DO ALUMNADO





ARTÍCULO SOBRE LA COLABORACIÓN CON EL DENTRO DE ACOGIDA DE REFUGIADES LA FONTANA (LEON)

Refugiados en la creación

La Fontana, el centro del Programa Protección Internacional (PPI) del Hospital San Juan de Dios de León, acoge su primera residencia artística de la mano de Disiden.cía • La compañía de danza gallega, que reflexiona en sus ensayos sobre la identidad desde "muchos cuerpos" que dibujan otras formas de ser y de estar en el mundo, se encuentra desarrollando su proyecto de investigación -'Bipedstrucción'- de la mano de las personas refugiadas.



Las artes escénicas son a la vez introspección y apertura al mundo y como vehículo de integración pocas disciplinas les hacen sombra. Sólo hace falta echar un vistazo a lo que se cuece en la primera residencia artística de La Fontana, el centro del Programa Protección Internacional (PPI) del Hospital San Juan de Dios de León, donde esta semana Marcia Vázquez y Martín Los Arcos, de la compañía de danza contemporánea gallega Disiden.cía, se encuentran desarrollando su proyecto de investigación: 'Bipedstrucción'. Un espectáculo familiar con pellizcos de humor en esa búsqueda del "quién soy" y "qué quiero ser".

Las residencias ofrecen un espacio para desarrollar la creatividad de los artistas en un ámbito y lugar diferente del habitual. La Fontana, con su maravilloso teatro de 164 butacas, ha levantado el telón a estos creadores para que "inventen nuevos caminos" que, de alguna manera, ayuden a "repensar la atención social". "Para ellos está muy bien tener un refugio creativo, pero para las personas en situación refugio -en particular de los menores del campamento La Fontana Concilia con las que están desarrollando un taller de

" Para ellos está muy bien tener un refugio creativo, pero para las personas en situación refugio está genial encontrarse con otras dinámicas que les hagan cuestionarse las cosas "

máscaras- está genial encontrarse con otras dinámicas que les hagan cuestionarse las cosas", explica Ánxela Blanco, responsable de dinamización sociocomunitaria del PPI, sobre un "combo ganador".



Otras formas de ser y de estar en el mundo

Disiden.cía reflexiona en sus ensayos sobre la identidad desde "muchos cuerpos" que dibujan otras formas de ser y de estar en el mundo desde el bienestar. En este sentido, el Programa Protección Internacional del Hospital San Juan de Dios de León cuenta con un grupo de

QUEN É A COMPAÑÍA?

Disiden.Cía é un novo colectivo mitad galego mitad navarro formado por **Martín Los Arcos** e **Marcia Vázquez**, dúas bailarinas de Pamplona e Vigo, respectivamente. Coincidiron en formación en danza contemporánea na **Faktoria Choreographic Centre**.

Deciden embarcarse nunha residencia de investigación en novembro de 2022 en **Espazo CRAC**, Cáceres, no medio do rural. Este proxecto continúa o seu traballo nunha residencia premiada por **MASDANZA** a finais de febreiro de 2023 no **Teatro SIT Cuyás** (Gran Canaria). Máis tarde, conta cunha residencia en **A Casa Vella** (Amiadoso, Ourense) onde se centran nun formato curto e a mediación para públicos. Tras isto, pasan pola **Fontana**, León. Aquí desenvolven a mediación con crianzas en situación de refuxio. Finalmente coa axuda do programa de residencias **DNA2023** chegan a concluír a peza de formato de longa duración para sala en **Etxarri Aranatz**, onde tamén puideron colaborar e poñer a proba a súa mediación o alumnado da Escola San Donato. **Este colectivo pretende ter un claro enfoque que cuestione as formas (dancísticas, de xénero, formais...) e abrir o ollo crítico a través da danza e, se é posible, a través do humor.**

En canto ao resto do equipo, todo o persoal está conformado por menores de 35 anos e por mulleres e identidades disidentes cunha experiencia no sector e con moitas ganas de reformular e reconstruír o formato escénico convencional. Facer danza e cultura, cun equipo novo e inclusivo é posible. **Sendo un equipo nado íntegramente na década dos 90**, a forma na que se escolle contar é sen dúbida contemporánea, cunha dramaturxia, unha linguaxe e unha narrativa actual e en búsqueda de renovación.

Os cambios xeracionais son tanxibles, é por iso que entendemos que **un espectáculo como *Bipedestrución* ffai parte ás novas xeracións como público no teatro. Achegar historias, emocións procurando ir máis aló dos estereotipos das artes escénicas infantís.** Esta é unha historia para todos os públicos contada desde un lugar que interpela en especial ás novas xeracións.



FICHA ARTÍSTICA


Dirección e coreografía: Disiden.Cía
Intérpretes: Martín Los Arcos e Marcia Vázquez
Deseño sonoro: Evil Kate
Deseño de vestiario: Laura Merchán
Deseño de iluminación: Eder Echaide e Daniel Marín

Escenografía: Ghislaine Verano
Fotografía: Laura Merchán
Asesoramento externo: Anxela Blanco e Alfredo Rodríguez
Distribución: Amarelo Distribución
Vídeo: Iker Oiz



CONTACTO

LILIAN PORTELA
AMARELO DISTRIBUCIÓN ESCÉNICA
EMAIL LILIAN@AMARELO.ES
TEL. +34 610 106 808
WWW.AMARELO.ES

 [@disiden.cia](https://www.instagram.com/disiden.cia)